

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE MAIO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/220/2017.- HAKAN OLOF CASARES BERG.- Conceder licenza para executar as obras de demolición de estrutura en ruína en lugar de Folgoso 20, A.

LIC/794/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS R/CONCHEIROS 36-38.- Conceder licenza para executar as obras de instalación dun ascensor na rúa dos Concheiros nº 36-38.

LIC/1567/2013.- MARÍA DEL CARMEN ARNEJO GARCIA.- Conceder licenza para executar as obras de ampliación de vivenda unifamiliar en rúa da Torreira nº 1.

LIC/74/2017.- JOSÉ JESÚS SILVEIRA BALEATO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Son de Abaixo.

LIC/908/2016.- MARÍA DOLORES ARCA BELLO.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda sita en rúa do Medio nº 24 A.

LIC/1017/2016.- RAÚL DÍAZ CASTRO.- Conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Valado do Eixo (O), Polig. 516 Parc. 1617 – 1618.

LIC/1699/2015.- GLOBAL OIL PETROLIUM, S. L.- Aceptar a cesión de viario formalizado en escritura pública e conceder licenza para a construción de nova instalación de subministro de carburantes polo miúdo e instalacións complementarias de lavado de coches na Avda. Cruceiro da Coruña nº 266.

DESFAVORABLES.-

LAP/209/2016.- MANUEL GÓMEZ NOYA.- Denegar a licenza para legalización de obras para adecuación de edificación para vivenda de uso turístico na rúa Altavista nº 17 A.

PARCELACIONES/SEGREGACIONES.-

LIC/1780/2016.- JOSÉ PUMAR RODRÍGUEZ.- Conceder a licenza de parcelamento solicitada dunha parcela sita en As Casas do Rego nº 12.

LIC/1725/2016.- EULOGIO DE LA FUENTE TEJO.- Conceder a licenza de segregación solicitada dunha parcela sita en Lg. de Ardagán nº 6.

LIC/1861/2016.- MANUEL MONTERO GARCÍA.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza de parcelamento solicitada dunha parcela sita en Lg. de As Moas de Arriba.

LIC/1571/2016.- MANUEL CELESTI FERNÁNDEZ SEOANE.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza de parcelamento solicitada dunha parcela sita na rúa Vial de Marconi nº 45.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de demolición de estrutura en ruína no lugar de Folgoso, 20,A. LIC/220/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor na rúa dos Concheiros, 36-38. LIC/794/2015. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de ampliación de vivenda unifamiliar en rúa da Torreira, nº 1. LIC/1567/2013. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Son de Abaixo. LIC/74/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda sita na rúa do Medio, nº 24 A. LIC/908/2016. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Valado do Eixo (O), Políg. 516 Parc. 1617-1618. LIC/1017/2016. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción de nova instalación de subministro de carburantes polo miúdo e instalacións complementarias de lavado de coches na Avda. Cruceiro da Coruña, nº 266. LIC/1699/2015. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á denegación da licenza para legalización de obras para adecuación de edificación para vivenda de uso turístico na rúa Altavista, nº 17 A. LAP/209/2016. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para parcelamento dunha parcela sita en As Casas do Rego, nº 12. LIC/1780/2016. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para segregación dunha parcela sita no lugar de Ardagán, nº 6. LIC/1725/2016. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza de parcelamento dunha parcela sita no lugar de As Moas de Arriba. LIC/1861/2016. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza de parcelamento dunha parcela sita na rúa Vial de Marconi, nº 45. LIC/1571/2016. Apróbase a proposta.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores do departamento de servizos comunitarios e medio ambiente". Apróbase a adxudicación do contrato á empresa Servicios de Colaboración Integral SLU, que oferta xestionar o servizo a cambio dunha porcentaxe do 22% do importe de todos os cobros realizados en período voluntario de pago, ata un gasto máximo de 31.343,80 euros, máis IVE de 6.582,20 euros.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto corrixido de repavimentación da Avda. de Vilagarcía (entre as Avdas. de Rosalía de Castro e Romero Donallo) incluído no DTC/93 da Excm. Deputación Provincial da Coruña. Apróbase a proposta.

16.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais para dar conta da condonación da débeda co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Dase conta da condonación das débedas das anualidades 2011, 2012 e 2013 ao Concello de Santiago, que ascendían a 13.414,42 euros. Acórdase o compromiso de incrementar a cota anual como socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade na cantidade que o Concello estime oportuna.

17.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación de diversos convenios de colaboración con entidades de carácter social para o ano 2017. Apróbanse os seguintes convenios:

- Agadea: 3.000 euros
- Asociación fonte da Virxe: 3.500 euros
- Acadar: 3.000 euros
- ASPANAES: 3.000 euros
- Fundación Down Compostela: 10.000 euros

- _Fundación Andrea: 3.000 euros
- _ASPAS: 6.000 euros
- _ACEM: 9.000 euros
- _Fundación Secretariado Gitano: 23.000 euros
- _Cociña Económica de Santiago: 60.000 euros
- _FEAFES Galicia: 60.000 euros
- _Sarela: 2.000 euros
- _Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home: 45.000 euros
- _Asociación Itinera: 5.000 euros

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación das bases reguladoras e convocatoria para a concesión de bolsas e comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (2º ciclo) e primaria obrigatoria para o curso 2017/2018. Apróbanse as bases reguladoras e a convocatoria para a concesións das bolsas previstas nesta. O prazo para a presentación de solicitudes é de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP. O importe destinado a esta convocatoria é de 360.000 euros, se ben poderá ser incrementado en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito.

19.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á resolución dunha bolsa de comedor escolar por causa sobrevida. Apróbase a proposta.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de mellora da pavimentación dos viarios nas parroquias de Busto e Marantes (POS 2016)". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Obras y Viales de Galicia SL, por un importe de 97.420 euros, IVE incluído.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viarios das parroquias de Vilvestro, O Eixo e Aríns (PAS-OBRASSUM/2015)". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Excavaciones Santiños SL, por un importe de 99.411,18 euros, IVE incluído.

22.- Proposta da alcaldía relativa á delegación de competencias. Acórdase deixar sen efecto a delegación de competencias efectuada por acordo da Xunta de Goberno de 2 de decembro de 2016 no concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, e delegalas no concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade.

23.- Proposta da alcaldía relativa á resolución de novas residencias de creación artística e estadias técnicas para proxecto de artes escénicas 2017, meses de maio e xuño. Apróbase a residencia artística de Carolina Fernández na Sala Agustín Magán do CSC de Santa Marta polo período que vai do 22 de maio ao 11 de xuño.

24.- Proposta da alcaldía relativa á corrección de erro no acordo nº 86 da sesión da Xunta de Goberno de data 21.4.17, de devolución de fianza pola construción no barrio de Santa Marta dun equipamento sociocultural consistente no primeiro centro cívico con sala independizable de usos múltiples, incluída no FES 2010, á empresa COPCISA. Apróbase a proposta.

25.- Proposta da alcaldía relativa á aceptación da subvención concedida pola Deputación da Coruña para o reforzo do servizo de normalización municipal mediante a incorporación dun novo técnico, e dar conta daquela. Dase conta da resolución da Deputación da Coruña mediante a que se concede ao Concello unha subvención por importe máximo de 12.000 euros para o reforzo do servizo de normalización municipal mediante a incorporación dun novo técnico de normalización lingüística.

26.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para a promoción e celebración do programa "COMPOSTELA MÓVESE". Apróbase a sinatura do convenio.

27.- Proposta das concelleiras delegadas de Desenvolvemento Económico e de Políticas Sociais relativa á aprobación das normas de uso do CERSIA EMPRESA no marco do programa "COMPOSTELA MÓVESE" 2017. Apróbase a proposta.

28.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Dar conta do convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago para os espectáculos da Rede Cultural 2017. Dase conta.

2.-Proposta de alcaldía relativa á convocatoria do IV Concurso de Proxectos de Publicidade comercial en galego. Apróbase a convocatoria do concurso, no que se outorgarán dous premios de 5.000 premios cada un.

3.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club de Atletismo Fontes do Sar para o desenvolvemento da 3ª edición da carreira nocturna SANTIAGO 10K. Apróbase a proposta, que supón unha achega do Concello de 12.000 euros.

4.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde para dar conta da sinatura do convenio específica para o desenvolvemento da formación en centros de traballo entre a dirección do CIFP Compostela e o Concello de Santiago. Dase conta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Política Social ao abeiro da orde do 11 de abril de 2017 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017. Acórdase a solicitude da subvención para un programa relacionado coa promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco ou violentas entre a poboación xuvenil, así como sensibilización e loita contra calquera forma de discriminación; e fomento de actitudes creativas e innovadoras da xuventude. Todas as actividades están destinadas á mocidade con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos. A subvención que se solicita é de 5.826,68 euros.

6.-Recoñecementos extraxudiciais de crédito. Apróbase a proposta.